

ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
PLN/2022/1	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	3 de febreiro de 2022
Duración	Desde as 20:40 ata as 23:50 horas
Lugar	Salón de Plenos do Concello de A Estrada
Presidida por	JOSE CARLOS LOPEZ CAMPOS
Secretaria	MARÍA JESUSA FERNÁNDEZ BASCUAS

ASISTENCIA Á SESIÓN

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
[REDACTED]	ALFONSO FIGUEIRAS REY	SÍ
[REDACTED]	AMALIA GOLDAR CORA	SÍ
[REDACTED]	AMALIA LAGO DURAN	SÍ
[REDACTED]	ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO	SÍ
[REDACTED]	BELÉN LOUZAO VIEITES	SÍ
[REDACTED]	CARMEN GÓMEZ OTERO (Interventora)	NON
[REDACTED]	GONZALO LOUZAO DONO	SÍ
[REDACTED]	IVAN MANUEL SANMARTIN EIRIN	SÍ
[REDACTED]	JOSE CARLOS LOPEZ CAMPOS	SÍ
[REDACTED]	JOSE ISMAEL PENA VILLAMOR	SÍ
[REDACTED]	JUAN CARLOS GONZALEZ BARCIA	SÍ
[REDACTED]	JUAN MANUEL CONSTENLA CARBON (Incorpórase á sesión sendo as 23:24 horas)	SÍ
[REDACTED]	LUCIA SEOANE ROSENDE	SÍ



	LUIS LOPEZ BUENO	SÍ
	LUIS RENDO ARAUJO	SÍ
	MARIA ANGELES PAIS CARBIA	SÍ
	MARIA DEL MAR BLANCO CASAIS	SÍ
	MIGUEL OSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA	SÍ
	M ^a DEL CARMEN DURÁN LEA	SÍ
	OSCAR ALEJANDRO DURAN BARROS	SÍ
	PATRICIA CARRACEDO DURAN	SÍ
	SUSANA CAMBA CASTRO	SÍ

Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O 13 DE XANEIRO DE 2022

Favorable **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Dada conta do borrador da acta correspondente á sesión ordinaria celebrada o día 13 de xaneiro de 2022, esta é aprobada por unanimidade, ordenándose polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo o disposto no artigo 110.2 do ROF.

Expediente 5906/2021. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE BENESTAR SOCIAL, IGUALDADE E EDUCACIÓN EN RELACIÓN Á MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO SOCIALISTA POLA QUE PROPÓN A SOLICITUDE DUN PUNTO DE ENCONTRO FAMILIAR NO CONCELLO DA ESTRADA.

Desfavorable **Tipo de votación:** Ordinaria
A favor: 9, En contra: 11, Abstencións: 0, Ausentes: 1

Outórgaselle a palabra ao voceiro do grupo do Partido Socialista, **D. Luis López Bueno**, para dar conta da súa moción, presentada con data 21/12/2021 (2021-E-RCIB-3), e tratada na Comisión Informativa de Benestar Social, Igualdade e Educación na súa sesión do 26/01/2022, que se transcribe literalmente de seguido:

“A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia define e estrutura o Sistema galego de benestar. Entre os obxectivos da lei atópase o de garantirlle o apoio ás



familias como marco de referencia en que se desenvolven as persoas.

Este obxectivo desenvólvese na Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.

Desenvolvendo as competencias marcadas no Estatuto de Autonomía de Galicia, o Decreto 96/2014, do 3 de xullo, polo que se regulan os puntos de encontro familiar en Galicia define a figura deste servizo público e dótao dunha regulación, xa que dende o 2001, a Xunta financia unha rede de Puntos de encontro familiar.

A Estrada é un Concello cabeceira de comarca e con certa área de influencia, no que ata o momento non se estableceu ningún punto desa rede. Hai que salientar que ningún goberno municipal lle solicitou á Xunta a implementación deste servizo no noso Concello.

Á marxe das sete cidades galegas, unicamente Ribeira (de onde é nada a actual Conselleira de Política Social) e Lalín solicitaron con éxito este servizo. O feito de que exista unha rede tan exigua de Puntos de encontro familiar provoca que veciños e veciñas da Estrada e outros Concellos da nosa área de influencia deban desprazarse ata a cidade de Pontevedra para facer uso do servizo.

É indecente que a Xunta non lle teña ofrecido á Estrada acoller un punto desta rede, tanto pola importancia do noso concello no norte da Provincia de Pontevedra como pola cantidade de veciños e veciñas que demandan un servizo próximo. A Estrada é un municipio interior, de tamaño grande e coa poboación dispersa en numerosísimos núcleos de poboación. No marco desta iniciativa, a extensión xeográfica da Estrada produce absurdos como que dous proxenitores residentes na banda máis oriental do noso Concello deban desprazarse máis dunha hora para acceder ao Punto de encontro familiar que lles foi asignado (Pontevedra).

A necesidade de combater o despoboamento obriga a dotar aos Concellos do interior dos servizos que precisan os veciños e veciñas. De non tomar este tipo de iniciativas, o rural continuará inmerso nun círculo vicioso que remata na perda cada vez máis acelerada de poboación, con todas as consecuencias negativas que supón o despoboamento.

A Estrada debe ser referente da comarca e da área de influencia, e como tal merece un Punto de encontro familiar de xestión propia da Xunta.

Polo exposto, o Grupo Municipal do PSdeG-PSOE somete á consideración do Pleno esta MOCIÓN, para que se adopten os seguintes ACORDOS:

- Solicitalle á Xunta de Galicia o establecemento dun Punto de encontro familiar no Concello da Estrada.*
- Solicitalle á Xunta de Galicia que o Punto de encontro familiar sexa de xestión directa da Consellería de Política Social.*
- Esixirlle á Xunta de Galicia que o Punto de Encontro Familiar da Estrada entre en funcionamento durante o ano 2022.”*

Toma a palabra a Concelleira delegada de Benestar Social, **Dna. Amalia Goldar Cora**, para dicir que o grupo socialista presenta esta moción para acadar o unánime apoio, sen embargo non acredita a súa necesidade, establecendo unha serie de criterios que non teñen unha base obxectiva. Di que o grupo de goberno non se nega a establecer este servizo, de feito pedíronse informes á Educadora Familiar e á responsable do CIM, dos que se desprende que non existe unha demanda nin unha necesidade da implantación deste servizo; a parte dos nomeados informes dende o Concello púxose en contacto co Xulgado da Estrada, o cal informa que non pasan de catro o cinco casos anuais que necesitan o Punto de Encontro Familiar; tamén se solicitou información aos



Puntos de Encontro de Pontevedra e Santiago de Compostela, os cales transmitiron que, a día de hoxe, en Pontevedra non hai ningún caso do noso municipio e, en Santiago, tan só dous. A parte de anterior, tamén se acudiu á Dirección Xeral de Familia para pedir información sobre a prestación deste servizo, non só no noso concello, senón a todos os concellos limítrofes, o cal nos contestou que, segundo os datos sobre usuarios do servizo en Forcarei, Caldas e Cuntis, non constan expedientes abertos para o servizo de Punto de Encontro Familiar en Pontevedra e Santiago; en A Estrada, tan só hai tres familias usuarias. Ante estes datos, dedúcese que, a día de hoxe, este servizo non é necesario ante a pouca demanda, pero iso non quere dicir que non se estea atento a esta necesidade, polo que, en caso de que nun futuro a demanda aumente, se estudará a implantación deste servizo.

Ante o sinalado anteriormente, continúa dicindo que neste momentos debemos de centrarnos na prestación de servizos máis necesarios e que afecten á vida diaria da nosa veciñanza.

Polo anterior, traslada o voto en contra desta moción do grupo do Partido Popular.

Intervén a voceira do grupo municipal de MÓVETE, **Dna. Mar Blanco Casais**, trasladando o seu apoio a esta moción por entender que, aínda que agora non existe demanda para a prestación do servizo de Punto de Encontro Familiar, as administracións deben ir un paso por adiante e fomentar servizos para futuras necesidades e que garantan a seguridade dos nosos nenos e nenas, como é o caso, así como para familias non só do noso concello senón tamén dos limítrofes, e non teñan que desprazarse a Pontevedra ou Santiago cando, ao mellor, carecen de medios de transporte.

Toma a palabra a voceira do grupo Mixto (BNG), **Dna. Susana Camba Castro**, manifestando o seu apoio a esta moción por considerar que o feito de que A Estrada careza deste tipo de servizo é unha mágoa, e, o feito de que a día de hoxe non haxa unha demanda por vías administrativas, non quere dicir que non poida haber familiar que o necesiten e, por descoñecemento, non o demanden. Así mesmo, considera que a inexistencia deste servizo pode influír na falta de demanda.

Continúa dicindo que a implantación dun Punto de Encontro Familiar no noso concello sería un avance importante en beneficio para a nosa veciñanza. Tamén pide que, en caso de solicitar este servizo, se implanta un protocolo de actuación en caso de violencia de xénero para evitar situacións perigosas neste tipo de centros.

Intervén novamente o **Sr. Luís López Bueno** para manifestar o seu desacordo coa explicación dada pola Concelleira delegada de Benestar Social, porque considera que familias que necesitan este servizo, ante a súa inexistencia, teñen que valorar outras opcións ante a dificultades para desprazarse a Pontevedra a Santiago. Así mesmo, lembra que se está a pedir un novo servizo para o noso concello que o grupo do Partido Popular se nega a telo, algo que lle preocupa moito.

Por outra banda, considera que pedir informes a servizos municipais non é adecuado, xa que estes non son competentes nesta materia, e que se lles limite o tempo para realizar outras tarefas máis importantes para xustificar a postura política do grupo de goberno.

Continúa dicindo que non entende por que cifra as familias usuarias deste servizo en dúas, cando o Concello de Lalín o fai en oitenta; ademais a propia Concelleira de Benestar Social dixo en sede da Comisión Informativa que o Xulgado cifraba en 5 familias ao ano usuarias do servizo, polo que é necesario empezar a sumar.

Polo dito anteriormente, considera que os datos facilitados pola dita Concelleira non están ben collidos, comparando o noso concello con outros, tales como o de Ribeira, así como dando



porcentaxes de aumento de usuarios nos Puntos de Encontro de Pontevedra e de Santiago de Compostela, do que se pode deducir que se na Estrada houbera este servizo, seguramente habería tamén máis demandas. Así mesmo, lembra unha manifestación do do Director Xeral de Familia e Infancia da Xunta de Galicia pola que anunciou en decembro do ano pasado que os Puntos de Encontro Familiar ían a pasar de sete a catorce, o que deixa de manifesto que o grupo municipal do Partido Popular van en contra da súa política de partido, ao dicir que non ven necesario este servizo no noso concello e que este novos Puntos de Encontros se localicen noutros concellos.

Di que o Concello da Estrada non merece ser unha entidade de segunda división, polo que débese crear novos servizos, tales como este, sobre todo cando o se custo é ridículo e hai locais para a súa instalación, contando, ademais, con que a Xunta de Galicia pon o persoal necesario para o seu desenvolvemento. Polo tanto lle parece unha mágoa que o grupo de goberno non pida servizos que non lle van a supoñer moito esforzo económico e que redundará en beneficio das familias estradenses.

Para contestar, toma a palabra a **Sra. Goldar Cora**, quen defende que noutros concellos, como Ribeira, teñen máis demanda, e neste caso, a súa distancia de Santiago de Compostela son 75 quilómetros, polo que é normal que pidan un Punto de Encontro Familiar. Así mesmo quere aclarar que non son as familias as que solicitan este servizo, senón que veñen derivas polos Xulgados e, por sorte, na nosa contorna son poucas e, polo tanto, ante eses datos non se ve xustificada a solicitude dun Punto de Encontro no noso concello, porque a cuestión non é dar un servizo para ser mellor que os demais,

O Sr. López Bueno intenta interromper a anterior intervención, ante o cal o Sr. Alcalde chama ao orde.

Continúa a **Sra. Amalia Goldar** dicindo que hai que ter en conta que para solicitar un Punto de Encontro Familiar á Xunta de Galicia é necesario demostrar a súa necesidade, é neste momento non existen argumentos que a demostren e, aínda que é verdade que hai que adiantarse, cos datos que temos non é viable actualmente para a comarca. Polo tanto, é prudente optimizar os recursos públicos e destinalos a aqueles servizos que máis demanda teñan, non sendo esta decisión unha política do Partido Popular, ao contrario que o voceiro socialista, o cal baséase na política do seu partido; e, neste momento, o que se está a valorar son as necesidades reais da nosa veciñanza e de xestionar os servizos públicos con efectividade e sentido común. En canto aos datos que manexa para tomar esta decisión, son datos reais provenientes de órganos que entenden este servizo, outra cousa é que ao Sr. López Bueno non lle interesen, pero son os que marcan a realidade actual.

Tamén quere aclarar que os informes solicitados aos departamentos municipais do CIM e Educadora Social fixéronse porque son os que máis relación directa teñen coas familias e que máis coñecen a súas necesidades, polo tanto discrepa co voceiro socialista sobre que non son competentes para emitir eses informes.

Respondendo á voceira do grupo Mixto, sobre o manifestado en relación á necesidade dun protocolo de violencia de xénero en caso da existencia do Punto de Encontro Familiar, di que o propio Decreto que regula a Violencia de Xénero establece o protocolo a seguir en caso da existencia dalgún caso de violencia deste tipo nos diversos centros, incluído o Centro de Día.

Finaliza dicindo que a día de hoxe este servizo non é necesario, o que non quere dicir que, en caso de que as necesidades e demandas aumenten, non se opte a solicitar este Punto de Encontro Familiar; polo tanto o seu grupo votará en contra desta moción.



Intervén por terceira vez o **Sr. López Bueno**, trasladando que o seu grupo mantén a moción porque o que se pretendía era ter un novo servizo para A Estrada co fin de atender a demanda potencial, reafirmando no dito nas súas anteriores intervencións e agradecendo aos outros dous grupos da oposición o seu apoio.

O **Sr. Alcalde** finaliza o debate dicindo que non está pechada a porta para solicitar este servizo, mantendo a atención ao número de familias que o propio Xulgado deriva ao Punto de Encontro Familiar e ás valoracións do servizo de seguimento da propia Consellería, para que, en caso dun aumento de usuarios, estudar a implantación deste no noso concello. Aclara que o difícil non é crear un novo servizo, a dificultade radica no seu mantemento, por iso hai que establecer servizos que cubran unha demanda real que xustifique o gasto e a súa utilidade.

O voto en contra do grupo de goberno a esta moción basease en argumentos sólidos e coherentes coa xestión pública, así tamén pon en valor o traballo dos servizos sociais municipais e na súa opinión e informes sostense as decisións que poidan tomar o grupo de goberno.

Non habendo máis intervencións, sométese o asunto a votación, rexeitándose a nomeada moción polos votos a favor dos grupos municipais do Partido Socialista, MÓVETE e Mixto (BNG), e en contra do grupo do Partido Popular.

Expediente 5901/2021. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ORGANIZACIÓN, PERSOAL E ASUNTOS XERAIS SOBRE PROPOSTA DE APROBACIÓN DE MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO EN VIGOR.

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 11, En contra: 0, Abstencións: 9, Ausentes: 1

Para explicar este asunto toma a palabra o Concelleiro delegado de Persoal e voceiro do grupo do Partido Popular, **D. Alberto M. Blanco Carracedo**, quen comeza dicindo que, despois da aprobación definitiva da Relación de Postos de Traballo en execución de Sentenza xudicial, detectáronse unha serie de deficiencias que afectan a un grupo de traballadores municipais, deficiencias observadas tanto polos sindicatos como polo grupo de goberno na Mesa de Negociación, e que derivou na busca de solucións e que se plasman nesta modificación da RPT, compromiso de modificación que xa se recollía no acordo plenario de aprobación deste documento.

As nomeadas modificacións afectan: ao complemento de destino e específico dos grupos A2 e A1 (prexudicados pola aplicación da RPT); contéplase a carreira profesional, por medio de promoción interna, os Auxiliares administrativos pasarán a ser Administrativos; tamén contéplase, por promoción interna, a que no GES e en Protección Civil se produce a equiparación do persoal laboral e funcionario; todo o anterior repercute nun incremento do capítulo I do Orzamento municipal para o exercicio 2022 de 718.000,00 euros, cantidade que cubre o derivado da aprobación inicial da RPT como o derivado desta proposta de modificación, garantindo a cobertura dos dereitos dos nosos traballadores municipais.

Resalta que esta proposta é o resultado da boa disposición de todas as partes implicadas, contando co apoio do 80% dos representantes sindicais, porque houbo algún representante sindical que non estivo de acordo.

Pide a palabra o voceiro do grupo socialista, **D. Luis López Bueno**, quen comenza dicindo que



esta proposta de modificación da RPT é o resultado daquelas cousas que quedaron sen resolver coa aprobación en solitario da mesma polo grupo de goberno, e agora tamén déixase outras cousas pendentes de resolver, polo tanto estamos ante un expediente que deixa unha ampla incerteza xurídica. Por outra parte, esta modificación non conta co apoio de dous dos sindicatos dos catro existentes con representación municipal, así que este documento non conta con todo o apoio que o grupo de goberno nos quere facer crer.

Continúa manifestando a súa loanza a todos os sindicatos representados na Mesa de Negociación porque loitaron moito contra o grupo de goberno para sacar adiante a RPT e agora esta modificación, supoñendo que queda aínda moitas modificacións máis. Di que o grupo de goberno tivo ata tres posturas distintas á hora de aprobar a RPT o ano pasado, así como tres variacións deste documento, dende o pagamento ou non dos atrasos, o ámbito da súa aplicación etc.; incluso, na Mesa de Negociación, o grupo de goberno dixo que ían a incluír todos os elementos que consideraran en potestade da súa capacidade de auto organización e, ao final, defenderon que non, que aplicarían a Sentenza nada máis.

Lembra, así mesmo, que o grupo de goberno no ano 2010 votou en contra dunha RPT que contaba co acordo favorable de todos os grupos sindicais e da maioría do persoal traballador e que supoñía unha contía económica máis barata que a proposta que se trae hoxe aquí.

Polo anterior e pola postura do grupo de goberno ao longo de todas as negociacións, este documento sae adiante grazas á loita dos traballadores, porque se fora polo grupo de goberno, aínda estaríamos nunha posición de manobra para adiante e para atrás.

Centrándose máis nesta modificación á RPT que se propón, considera que é un acerto pasar os Auxiliar administrativos a Administrativos, o desenvolvemento da carreira profesional e a inclusión de determinados postos de traballo que non figuraban na RPT; sen embargo tamén existen puntos negativos, tales como o risco que se corre en que se caia novamente a RPT e con ela esta modificación e quizais en pouco tempo, polo que se está a modificar un documento carecendo da certeza de que sega estando en vigor segundo resolución xudicial. Por outra banda, reitera que esta proposta de modificación da RPT non conta co apoio de dous dos sindicatos con representación municipal, ou sexa, o 50% dos traballadores; ademais di que na proposta hai multiplicadores que son discrecionais e que se engaden ás puntuacións dos grupos A e habilitados nacionais, algo que non está xustificado técnica nin xuridicamente, polo tanto é unha solución que nin aos propios técnicos lles valen.

Continúa dicindo que, cando se negocia, loxicamente o Concello ten que poñer da súa parte, sobre todo economicamente, pero lembra que no ano 2010 tiveron a oportunidade de votar a favor dunha Relación de Postos de Traballo que supoñía unha contía económica menor e sen ter que pasar ante tantos problemas xudiciais; polo tanto, o grupo de goberno debería de fuxir de triunfalismos, sobre todo tendo en conta a cantidade de euros que se gastaron en avogados, o custo que supuxo a primeira RPT encargada á Universidade da Coruña, os 270.000 € que percibiu o Director de Réxime Interno (encargado da xestión deste expediente), os 140.000 € que percibiu o Alcalde estes últimos sete anos de trámite..., sen contar co aforro de traballo que se podería haber feito.

Finalmente, polo manifestado na súa intervención, traslada que o seu grupo non apoiará esta proposta de modificación da RPT, documento que aínda está xudicializado e, ademais, por non haber certeza que se sosteña no tempo; sen embargo, por haber cuestións que beneficia aos traballadores o voto será a abstención.

Toma a palabra a voceira do grupo político municipal de MOVETE, **Dña. Mar Blanco Casais**, a cal comeza dicindo que esta reforma da RPT deixa constancia de que se trataba dun documento mal logrado, resultado da incapacidade do goberno para chegar a acordos cos traballadores e cos seus representantes. Quere lembrar que nas últimas lexislaturas o goberno estradense desatendeu as opinións do persoal traballador, o que ocasionou moitos gastos en horas extras, soldo do Director de Réxime Interno e un mal clima laboral, o que repercutiu nos servizos municipais; todo demostra a mala xestión en materia laboral e esta primeira reforma da RPT que entende necesaria. Ademais, quere lembrar que esta RPT está en mans da xustiza e que nos vindeiros días



posiblemente se lle dará resposta aos recursos presentados polos representantes sindicais. En canto á modificación que se propón hoxe, entende que é necesaria pero insuficiente, porque non resolve todos os problemas que contén a RPT, de feito, parte dos representantes sindicais non están de acordo, así como parte dos traballadores e traballadoras quedaron descolgados do proceso tralos moitos anos de mal ambiente.

Entende que esta reforma é positiva en cantos a todas as modificacións que inclúe, sen embargo segue carecendo do respaldo dunha parte importante do persoal municipal e dos seus representantes sindicais, polo que considera que é insuficiente e levala para adiante sería irresponsable por parte do goberno, sendo esta a causa que xustifica a abstención do seu grupo na votación.

Toma a palabra a voceira do grupo Mixto (BNG), **Dna. Susana Camba Castro**, trasladando a súa alegría por acadarse as melloras na RPT contempladas nesta proposta de modificación, pero queda claro que queda camiño por recorrer, xa que non se inclúen o cento por cen das melloras que piden os traballadores, polo que prefire esperar ás seguintes negociacións e acordos de melloras e que, seguramente, van a producirse, sobre todo sabendo que hai un recurso por resolver; así que seguramente volveremos a sentar para falar novamente dunha relación de postos de traballo que leva enquistada demasiado tempo.

Continúa dicindo que se alegra de certas melloras incluídas na proposta de modificación que se está a tratar, sobre todo o feito que haxa promoción para aquelas persoas que estaban máis precarias economicamente, algo que lle preocupaba moito, pero, mentres non haxa unha negociación onde máis traballadores e traballadoras se vexan representados, non pode apoiar completamente esta modificación, así que vai a absterse na votación.

Intervén novamente o Concelleiro delegado de Persoal, **D. Alberto Blanco Carracedo**, quen di que todos son sabedores da complexidade que ten toda negociación colectiva, sendo imposible contentar ao cento por cen da plantilla de persoal. Informa que contra o acordo de aprobación definitiva da RPT hai un recurso interposto por oito dos cento corenta traballadores e traballadoras. Ademais o grupo de goberno nunca falou de pagar atrasos, porque iso non está na man desta corporación, senón que ten outras vías para chegar a iso.

Di que lle houbera gustado que no ano 2010 se houbera aprobado a RPT, sobre todo cando se tiña maioría, polo que se o grupo de goberno nese momento non foi capaz de aprobala, entón sería porque algo faiaba.

Continúa dicindo que o que intenta buscar este grupo de goberno é que o persoal traballador goce das mellores condicións e teñan unha retribución xusta, por iso intentouse buscar o camiño mediante negociacións cos representantes sindicais, aproveitando para agradecer o traballo de todas aquelas persoas que participaron.

En canto ao dito sobre a inseguridade xurídica, di que calquera acordo deste tipo vai a ter recursos, pero quere deixar claro que nunca se tivo o apoio dos grupos da oposición, nin sequera cando a RPT se aprobou nos termos que marcou a Sentenza.

Intervén o **Sr. López Bueno** para lembrar que o grupo de goberno aceptou, no seu momento, unha proposta achegada por Comisións Obreiras que recollía que este tññase que comprometer a pagar os atrasos e, segundo información difundida, aceptaron esa proposta, o que consta na acta da Mesa de Negociación, aínda que na seguinte Mesa xa o grupo de goberno se desdixo.

Reitera a abstención do seu grupo político na votación reafirmándose polo dito na súa anterior intervención.

Toma a palabra o **Sr. Alcalde** para recoñecer que este documento da RPT non foi o mellor acerto do seu grupo de goberno e, polo tanto, non se sente orgulloso del por non ser a súa xestión máis importe. Pero tamén quere recoñecer que foi un reto por tratarse dun documento que viña cargado de moitos problemas, partindo dun Convenio Colectivo do ano 1996 e dun proxecto de RPT do ano 2010 que o goberno do PSOE naquel momento non foi capaz de sacar adiante por non contar



co apoio do seu socio do goberno que era o BNG.

Pero, ao final, estamos ante unha RPT que foi sacada adiante con moitas dificultades sen contar co apoio da oposición, que sempre estivo en contra ou de perfil, nunca remando a favor; mostra diso é a decisión de absterse na votación, non se atreven a estar en contra nin tampouco a favor, polo que se poñen de perfil.

Di que lle estraña que a oposición se sorprenda desta modificación, cando no propio acordo de aprobación da RPT, en execución de sentenza, nun dos seus puntos recolle o compromiso de proceder á súa modificación, sendo o resultado esta proposta que sometemos para a súa aprobación neste punto, e polo que se intenta dar solución a parte dos problemas que ten a plantilla municipal.

En canto a inseguridade xurídica á que alude a oposición, remítese ao Auto xudicial onde se indica que o Concello cumpre, punto por punto, con todas as cuestións que recollía nesa orde de execución. Outra cousa é que se presentase un recurso posterior contra o Auto de execución por unha minoría de traballadores que non se senten identificados con esa sentenza, pero de iso a que exista unha inseguridade xurídica hai un gran treito. Polo tanto, non hai esa “Espada de Democles” sobre a RPT como di a oposición e que quere que se vexa así, de feito, canto máis van en contra, máis á Estrada lle vai ben, sendo esta a causa de que ao grupo de goberno xa contara coa falta de apoio dos grupos da oposición a esta proposta, ao contrario do que si fixeron os sindicatos, por tal razón quere poñer en valor o traballo destes últimos de cara a colaborar na redacción desta modificación da RPT, imperando sempre o interese da plantilla.

Di que considera un éxito esta modificación de cara a avanzar un paso máis para solucionar un problema que leva moito tempo enquistado. Tamén quere deixar constancia de que, fai dez anos, todos houberamos querer asinar e apoiar un documento como este, porque resolve grandes cuestións e, quizais, con esta modificación nos adiantamos a moitos concellos de Galicia e, incluso, de España, dando una estabilidade aos nosos traballadores municipais.

En canto ao alegado polos grupos da oposición de que esta modificación non está apoiada polo cen por cento de todo o persoal, quere aclarar que esta é unha cuestión de representatividade, de catro seccións sindicais hai dúas que están a favor e que representan ao oitenta por cento da plantilla de persoal; polo tanto, non admite que, para xustificar a abstención na votación, se escuden no vinte por cento restante, do que deduce que están en contra dese porcentaxe que está a favor, non hai outra explicación, por iso optan pola abstención.

Reitera que a solución para quitar adiante a RPT era cumprir estritamente a Sentenza e, despois, mediante as debidas negociacións, intentar dar solución aos problemas de persoal que ocasionaba a mesma, de aí esta modificación; de feito, no propio acordo plenario de aprobación, recóllese o compromiso de elaborar dita modificación, sinal da preocupación do grupo de goberno.

Finalmente, espera que todos os traballos invertidos na elaboración deste documento e as penurias sufridas polo noso persoal traballador, se vexa recompensado e reflexado no seu traballo e lles permita progresar nas súas carreiras profesionais e tamén economicamente, porque non se pode esquecer que estamos ante un documento vivo que se irá adaptando ás necesidades e aos tempos, na medida das posibilidades. Así mesmo, informa e lembra que esta modificación é aprobada provisionalmente, polo que aqueles traballadores e traballadoras que o consideren poden presentar as alegacións oportunas.

Pide novamente a palabra o **Sr. López Bueno** para dicir, en referencia á acusación sobre que non leu o Auto de Execución de Sentenza da RPT, que si o fixo e que a versión do Alcalde non coincide coa a súa, porque nesta resolución non se fai mención ao procedemento que se lle aplica a esa aprobación, é dicir, que se ten por aprobada e listo, non meténdose no fondo do asunto, de feito o grupo de goberno no trámite de aprobación optou por unha opción moi distinta á aconsellada no informe da Secretaria municipal, e, de feito, no recurso que a día de hoxe está presentado un dos argumentos é precisamente ese.

Di que, ademais, este grupo de goberno votou no ano 2010 en contra da proposta de RPT, algo que quere afearlle polo aforro económico que suporía e que despois se investiron neste procedemento.



Volve a reiterar todo o manifestado na súa anterior intervención co fin de defenderse ante a interpretación que dela fixo o Sr. Alcalde.

O **Sr. Alcalde** intervén novamente para reiterar o dito na súa anterior intervención e finalizar aclarando que a RPT é un documento vivo e espera que sufra máis modificacións en sede de sucesivas negociacións e traballos conxuntos coas distintas representacións sindicais e así mellorar a situación da nosa plantilla.

Non habendo máis intervencións, procédese á votación, adoptándose, polos votos a favor de grupo municipal de PP e as abstencións dos grupos do Partido Socialista, MOVETE e Mixto (BNG), o seguinte **ACORDO**:

Vista a proposta da Alcaldía-Presidencia de data 18/01/2022, en relación co asunto que se trata de seguido.

Visto que o Concello da Estrada aprobou mediante acordo plenario de data 3 de xuño de 2021 a Relación de Postos de Traballo. O devandito acordo foi adoptado seguindo as indicacións do Auto 106/2020 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra (incidente de execución 5/2020).

Visto que, como consecuencia da aplicación do indicado Auto, non se introduciron no documento modificacións que excederan da aplicación da Sentenza 104/2018, de 31 de xullo, do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra e 369/2019, de 18 de setembro, da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, que anulan parcialmente a Relación de Postos de Traballo do Concello da Estrada. Por tal motivo, o documento non recolle as necesidades reais do Concello, ademais de producir unha serie de desaxustes que se fai preciso corrixir. Por tal motivo as modificacións introducidas pódense entender como necesarias e imprescindibles dentro do que sería a primeira Relación de Postos de Traballo do Concello da Estrada.

Visto que o documento aprobado require a súa modificación inmediata, ademais de polo xa indicado, polos motivos seguintes:

1.- Como se indica no propio documento o sistema de valoración empregado saíu da Mesa de Negociación coas centrais sindicais. Entre os diferentes métodos que existen na actualidade o que se utiliza na RPT atópase entre os que empregan a “valoración de puntos por factor”, é dicir, consiste en establecer unha serie de factores aos que se asignan diferentes graos, atribuíndolle, á súa vez, unha puntuación determinada. Trátase do que se denomina un método obxectivo, pero a súa aplicación práctica provocou unha serie de agravios ou desigualdades entre postos que deben de ser corrixidos, e que motivaron unha serie de demandas de revisión da RPT dende o momento da súa aprobación.

A aplicación práctica do sistema de valoración empregado materializouse nunha baixada de retribucións, sobre todo, nos grupos A1, A2 e Funcionarios da Administración Local con Habilitación Nacional (que aínda que ven aumentadas as súas funcións coa entrada en vigor do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, o seu Complemento Específico sofre unha minoración). Ao mesmo tempo outros postos de traballo experimentan unha importante subida salarial pola aplicación directa dos factores do sistema utilizado, sen ter en conta os diferentes cambios legislativos acontecidos dende o ano 2015, e que non se puideron trasladar á RPT pola aplicación da Sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo n.º 2 de Pontevedra nos seus propios termos.

2.- O propio acordo plenario de aprobación da Relación de Postos de Traballo recolle no seu apartado Terceiro:



“En canto entre en vigor o documento aprobado en execución da referida Sentenza, procederase a modificar o mesmo no prazo máximo de 1 mes para a súa aprobación polo Pleno da Corporación, de acordo co documento consensuado na Mesa de Negociación celebrada o día 11 de febreiro de 2021, podendo ser introducido algún axuste relativo ao organigrama, que se pactará na Mesa de Negociación.”

O documento foi publicado no Boletín Oficial de Pontevedra o día 15 de xullo de 2021 (BOP nº 134), entrando en vigor ao día seguinte, polo que procede, segundo o indicado acordo plenario, acometer a súa modificación.

3.- Como consecuencia da aprobación da Relación de Postos de Traballo introducindo no documento unicamente as cuestións que se indicaban na sentenza 104/2018 existen postos con funcións similares que non teñen a mesma puntuación final, motivado en que algúns postos resultaron afectados pola indicada sentenza e outros non foron recorridos. Trátase, polo tanto, de homoxeneizar con esta modificación a todos os postos que teñen funcións similares, aos efectos de que obteñan puntuacións tamén similares.

4.- O artigo 38.1 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia, dispón:
“A relación de postos de traballo é un instrumento técnico de carácter público que inclúe todos os postos de traballo de natureza funcional e laboral existentes en cada unha das administracións públicas incluídas no ámbito de aplicación da presente lei”.

O informe emitido pola Interventora Municipal en data 26 de maio de 2021 xa indicaba:

“Os postos de traballo que se relacionan a continuación figuran no Anexo e Cadro de Persoal correspondente ao Orzamento do exercicio 2021, pero non aparecen recollidos na Proposta de RPT:

- *ASESOR XURÍDICO. CONSTA NO ANEXO DE PERSOAL COMO FUNCIONARIO A1.*
- *PEÓN. SENTENZA XULGADO DO SOCIAL 124/2020 PO 100.2018. DECLARACIÓN PERSOAL LABORAL INDEFINIDO.*
- *TÉCNICO INFORMÁTICO. SENTENZA XULGADO DO SOCIAL 92/2019 PO 423.2017 DECLARACIÓN PERSOAL LABORAL INDEFINIDO.*
- *EMPREGADOS PÚBLICOS DO GES (GRUPOS DE EMERXENCIA SUPRAMUNICIPAIS). RECURSO SUPPLICACIÓN 4813/2018 SENTENZA XULGADO DO SOCIAL Nº 2 PONTEVEDRA Nº 225/2018. PO 271/2017. DECLARACIÓN PERSOAL LABORAL FIJO POR SENTENZA TSJG.*
- *AUXILIAR DE URBANISMO. DECLARACIÓN PERSOAL LABORAL INDEFINIDO POR DECRETO ALCALDÍA*
- *PERSOAL LABORAL INDEFINIDO POR SENTENZA ENCARDINADO NA ÁREA DE CULTURA PROCEDIMENTO ORDINARIO 271/2019. NA CATEGORÍA PROFESIONAL DE “PROFESIONAL DE OFICIOS, GRUPO IV”.*

A RPT, tendo en conta o preceptuado no artigo 74 TREBEP e os apartados 1º e 2º do artigo 38 da LEPG, como instrumento técnico de ordenación do persoal, de carácter público, debería recollelos por estar obrigada a incluír a totalidade dos postos de traballo de natureza funcional e laboral existentes en cada unha das administracións públicas incluídas no ámbito de aplicación da lei, a través da cal as administracións públicas estruturan a súa organización, clasifican os postos de traballo existentes no seu ámbito e determinan o seu contido para a selección e provisión dos mesmos, procurando organizar, racionalizar e ordenar o persoal en orde a facilitar unha eficaz prestación dos servizos públicos.”



O documento aprobado definitivamente non incluía todos os postos que figuran na Plantilla de Persoal debido a que corresponden a postos que non existían no momento da aprobación da RPT e a súa inclusión con posterioridade entendíase que excedía da execución de sentenza nos seus propios termos. Evidentemente, na Relación de Postos de Traballo si teñen que figurar todos os postos que existen na plantilla polo que resulta imprescindible acometer a modificación da RPT aos efectos de cumprir coa lexislación antes indicada, así como co informe da Interventora Municipal.

Así mesmo, e con posterioridade, ditaron tres sentenzas que recollen a categoría de persoal laboral indefinido aos postos que se reflicten a continuación:

- Profesor Conservatorio. Sentenza n.º 113 do 31 de marzo de 2021 do Xulgado do Social n.º 2 de Pontevedra.
- Profesor Conservatorio. Sentenza n.º 282 do 6 de novembro de 2020 do Xulgado do Social n.º 3 de Pontevedra.
- Técnico en drogodependencias e Turismo. Sentenza n.º 492 de 24 de novembro de 2021 do Xulgado do Social n.º 3 de Pontevedra.

5.- Dende a data de elaboración das fichas de cada posto xurdiron diferentes normas que afectan ao funcionamento da Administración Local, e que modificaron, en algún caso substancialmente, as funcións do posto, polo que a súa puntuación non se axusta totalmente á realidade.

Dita circunstancia foi posta de manifesto ao propio Xulgado do Contencioso-Administrativo n.º 2 de Pontevedra, por parte deste Concello, na tramitación do incidente de execución 5/2020, onde se indicaba:

“Con los antecedentes expuestos, y dado que desde que se elaboró el trabajo de campo de la RPT recurrida, hace más de 10 años, e incluso desde su aprobación hace ya casi 4 años, existen importantes cambios en el funcionamiento de la Administración Municipal, basados sobre todo en la instauración de la Administración Electrónica, que afectan a un gran número de puestos de trabajo y a las funciones que realizan, así como en los cambios en la Legislación (nueva Ley de Procedimiento Administrativo, nuevas Leyes de Contratación)....”

Sendo a RPT un documento dinámico, faise preciso actualizar o mesmo aos efectos de que sirva como instrumento de ordenación de persoal, e que poida desprezar todas as súas funcións dun xeito actualizado e operativo.

Visto que na ficha do Complemento Específico do posto de Técnico de Administración Xeral do Departamento de Intervención existe un erro na puntuación asignada ao factor “3B.Sobre os resultados de outros” xa que figuran 48,75 puntos cando deberían de figurar 22,75 puntos, procédese á súa corrección.

Visto que aos efectos de corrixir os desaxustes antes enunciados se fai preciso realizar as seguintes modificacións:

Auxiliares Administrativos: Todos os postos que figuran con nivel de Complemento de Destino 16 pasan a nivel 18 (os postos de Tesourería e Intervención xa dispoñen do devandito nivel) motivado pola aplicación da sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo n.º 2 de Pontevedra, xa que na citada sentenza se estima a dous Auxiliares Administrativos a modificación de diversos factores. Estes factores están asignados a todos os Auxiliares Administrativos polo que se fai preciso unha actualización en todos eles.

Os postos de Tesourería incrementan a puntuación do Complemento Específico xa que se modifica o factor “4B. Manexo de diñeiro/anotacións contables” pasando de Grao 3 a Grao 4, motivado na realización habitual de anotacións contables cos



correspondentes rexistros e xustificación.

Administrativos: Todos os postos pasan a nivel de Complemento de Destino 22 motivado pola aplicación da sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo n.º 2 de Pontevedra. Existen unha serie de factores que foron estimados no recurso prantexado por dous Auxiliares Administrativos, relativo a funcións que tamén realizan os Administrativos. Por elo faise preciso a súa actualización.

Oficiais condutores e oficiais maquinistas: Todos os postos pasan a ter un nivel de Complemento de Destino 18. O incremento ven motivado pola modificación do factor "6. Competencia" pasando dun Grao 2 a un Grao 3, xa que os ocupantes dos postos teñen marxe de decisión dentro de planificación supervisada por un superior. Non debemos esquecer que a súa categoría profesional é a de Oficial; o propio desa categoría e a toma decisións, aínda que estas estean supervisadas polo superior.

Encargado Praza Abastos: Axústanse varios factores do Complemento Específico tendo en conta que o presente posto non tiña valorados axeitadamente o traballo a quendas ou sen un horario fixo.

Habilitados nacionais: Os postos de traballo reservados a funcionarios con habilitación de carácter nacional foron valorados sobre unha puntuación máxima de 2.000 puntos. Para elo, unha vez obtida a puntuación final do xeito reflectido na RPT en vigor (sobre unha puntuación total de 1.000 puntos) obtense proporcionalmente a puntuación definitiva sobre 2.000 puntos. Por exemplo, se o posto de Secretario/a tiña unha puntuación de 716,50 puntos sobre 1.000, a puntuación final (unha vez aplicada a proporcionalidade sobre 2.000 puntos) será de 1.433 puntos.

Dita modificación baséase en que a puntuación obtida na RPT en vigor por estes postos non se corresponde coa responsabilidade que leva aparelada a realización das funcións que teñen encomendadas. Non debemos esquecer que estes postos corresponden aos funcionarios que ostentan a maior responsabilidade dentro do organigrama municipal, encargándose de labores de fé pública, fiscalización, vixilancia do cumprimento da legalidade, etc.

Asi mesmo, axustáronse as funcións ao Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, e no caso do posto do titular de Intervención ao Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local.

Técnicos correspondentes ao Grupo A1 (funcionarios) ou I (laborais): Ao postos de traballo do Grupo A1, así como ao persoal laboral do Grupo I aplícaselles o mesmo método recollido para os habilitados nacionais, pero sobre un total final de 1.500 puntos.

Dita modificación baséase tamén no importante grao de responsabilidade que asumen dentro das súas funcións, xa que entre os seus cometidos atópase a elaboración de informes, que vinculan dun xeito directo as decisións que se adoptan dentro da Administración Local, sendo os asinantes os únicos responsables do seu contido.

Técnicos correspondentes ao Grupo A2 (funcionarios) ou II (laborais): Ao postos de traballo do Grupo A2, así como ao persoal laboral do Grupo II aplícaselles o mesmo método recollido para os habilitados nacionais, pero sobre un total final de 1.250 puntos.

Dita modificación baséase, do mesmo xeito, no importante grao de responsabilidade que asumen dentro das súas funcións, xa que entre os seus cometidos atópase a elaboración de informes, que vinculan dun xeito directo as decisións que se adoptan dentro da Administración Local, sendo os asinantes os únicos responsables do seu



contido. A diferenza con respecto aos Grupos A1 ou I atopámola na diferenza na titulación esixida para o desenvolvemento do posto.

Visto que un dereito dos traballadores públicos é a carreira profesional introdúcese un novo apartado na Relación de Postos de Traballo onde se reflicte unha previsión futura de promoción interna para diversos postos.

Visto que coa presente modificación se incrementan as retribucións por riba dos límites fixados pola Lei de Orzamentos Xerais do Estado, pero que existen innumerables sentenzas que permiten dito incremento cando se realizan dentro do marco dunha valoración realizada na Relación de Postos de Traballo. Entre outras, podemos citar:

- Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Valencia de 17 de marzo de 2009, cando dí: *"...debe desvincularse a prohibición de aumento das retribucións establecido a nivel estatal, daquelas que proveñan da aplicación da RPT, pois o resultado da RPT é un axuste do complemento específico dos postos de traballo que forman o persoal e o que quere dicir é que se está valorando de forma concreta e específica cada un dos devanditos postos, o cal poderá reportar un aumento das retribucións que se deriven da aplicación dos factores que compoñan devandito complemento específico, pero tamén pode ocorrer que a súa aplicación supoña unha diminución das devanditas retribucións. Trátase en definitiva dunha valoración dos postos de traballo e os límites retributivos do devandito posto virán determinados pola valoración efectuada no seo do devandito proceso."*
- Sentenza do TS de 9 abril de 2014, citando á Sentenza do 14 de xullo de 2008, sinalase que: *"Nada impide que un Concello, no exercicio da súa potestade de autoorganización e do principio de autonomía municipal, poida alcanzar e pechar acordos coas organizacións sindicais en relación co persoal ao seu servizo para exercicios futuros aínda que o contido dos devanditos pactos e acordos pode ser que non leve a efecto como consecuencia dos límites establecidos na lexislación orzamentaria, tal e como se sinalou anteriormente. E así, é perfectamente posible que as Relacións de Postos de Traballo non se executen na súa totalidade no exercicio orzamentario correspondente por diferentes motivos e circunstancias, entre os cales, sen ningunha dúbida, atópase a imposibilidade legal de aplicarlas integramente en atención á limitación que poida fixarse legalmente para cada exercicio orzamentario, a cal, loxicamente, prevalece sobre os acordos que puidesen ser subscritos."*

Ademais, mesmo se permite dentro de certa prudencia, incrementos superiores aos previstos na LPGE nos supostos de realizar a primeira RPT pola súa obrigatoriedade. Por exemplo, na Sentenza do TS de 13 outubro de 2009, desestímase a demanda da Avogacía do Estado e afirmase que *"por outra banda, resulta que o Concello demandado ha argumentado --e probado a xuízo da Sala de Valencia-- que o aumento producido obedece a unha operación de clasificación dos postos de traballo que supuxo unha profunda modificación do seu estado precedente"*, desestimando a impugación.

Finalmente compre indicar que existe unha liña doutrinal que considera que as previsións contidas na Relación de postos de traballo non poden permanecer inalterables de xeito indefinido, podendo existir razóns de interese público e de eficacia administrativa que recomenden a modificación da mesma para adaptala ás esixencias ou circunstancias que cando se aprobou unha inicial non existían ou non foron tidas en conta (*Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza da Comunidade*



Valenciana en Sentenza de 2 de decembro de 2004, Sentenza do Tribunal Supremo de 22 de setembro de 2005, Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza da Comunidade Valenciana de 17 de marzo de 2009 ou a Sentenza do Tribunal Supremo mediante Sentenza de 13 de outubro de 2009, entre outras). Deste xeito, o período de tempo transcorrido desde unha RPT inicial ou a inexistencia dunha debida valoración, podería considerarse como algo "excepcional" e "singular", considerando que o termo "singular" non pode referirse nin á cantidade, nin ao número de postos de traballo que poidan resultar afectados, senón á causa que provoca a modificación, e que determina que esa adecuación sexa necesaria e que non poida ser reiterada no tempo.

Visto o informe de Secretaría de data 20 de xaneiro de 2022.

Visto o informe de Intervención de data 21 de xaneiro de 2022.

Visto o Ditame favorable da Comisión Informativa de Organización, Persoal e Asuntos Xerais, acadado en sesión celebrada o 26/01/2022.

E, ao abeiro do debatido nesta sesión, adóptase, por maioría, o seguinte **ACORDO**:

Aprobar, previos os trámites oportunos, a modificación da Relación de Postos de Traballo en vigor, introducindo as modificacións descritas nos antecedentes do presente acordo, segundo o acordo adoptado en sesión plenaria celebrada o 3 de xuño de 2021, e negociado coas centrais sindicais en diferentes Mesas, baseándose nos motivos alí argumentados, e todo elo con efectos 1 de xaneiro de 2022.

Expediente 342/2022. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS RELATIVO Á PROPOSTA DE APROBACIÓN INICIAL DO PROXECTO DO ORZAMENTO DO EXERCICIO 2022

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 12, En contra: 9, Abstencións:0, Ausentes: 0

Para explicar este asunto intervén o Concelleiro delegado de Facenda, **D. Alberto M. Blanco Carracedo**, o cal di que estamos ante a proposta de aprobación inicial do Orzamento municipal para o exercicio 2022, un documento que cumpre con todos os formalismos e requisitos legais. Quere informar de que, tras ser sometido a ditame da Comisión Informativa de Facenda, incorporouse ao expediente por parte da Sra. Interventora un informe que corrixe un erro detectado no expediente.

Di que estamos ante un Orzamento que importa a cantidade total de 19.637.440 euros, o que supón un incremento de case dez millóns de euros con respecto ao do pasado exercicio, e que intenta dar cobertura a todas as necesidades e obrigas deste concello, sobre todo ás de carácter social, porque dende o grupo de goberno séguese apostando por cubrir as necesidades da poboación máis necesitada do noso concello, de aí que as partidas destinadas a este servizo sofren un incremento destacado. Así mesmo, mantén o seu espírito inversor, quizais o máis ambicioso da historia deste concello.

Pasa a sinalar as diferenzas con respecto ao orzamento do ano pasado referíndose, en primeiro lugar, ao apartado de ingresos, di que no Capítulo I prodúcese un incremento en torno a 300.000 € derivado dos dereitos recoñecidos do ano 2021; tamén incrementase o Imposto sobre Construcións de 200.000 € provenientes do previsión de outorgamento de licenzas de obras, de



plans parciais que se teñen pensado executar e de licenzas para parques eólicos; no que respecta ás taxas, existe unha diminución importante na da Escola Infantil como consecuencia da gratuidade que estableceu a Xunta de Galicia, mantendo os ingresos derivados de actividades deportivas, infantís e da terceira idade; existe un importante aumento no Capítulo IV, derivado, na súa gran parte, da participación nos ingresos do Estado, do Plan Concertado e das aportacións da Consellería de Medio Rural para o GES; pero, o máis importante, ven da man dun préstamo de 4.200.000 € que se pretende formalizar coas entidades bancarias.

En relación ao Capítulo de Gastos, informa que no seu Capítulo I se produce un incremento de 718.000 €, con respecto ao orzamento do ano 2021, como consecuencia da aplicación da RPT e da modificación á mesma aprobada no punto anterior desta sesión; no Capítulo II obsérvase un incremento de 821.000 €, dentro do que é destacable a baixa da partida correspondente a alumeadado como consecuencia das previsións para este ano de redución de consumo eléctrico pola implantación da nova tecnoloxía no casco urbano e no rural; no Capítulo II existe tamén un aumento como consecuencia da aportación municipal para o Servizo de Axuda no Fogar, os gastos por alugamento de aparcadoiros gratuítos, o EDUSI e o Obradoiro de Emprego; no que respecta ao Capítulo VI, recolle uns investimentos que superan os 4.700.000 €, entre os que destacan un préstamo a celebrar para cumprir con obrigas adquiridas polo Concello (por exemplo, pistas de atletismo) e que tamén asegurará outros compromisos ou obrigas que soportarán corporacións futuras, 800.000 € para asfaltados en vías rurais e 500.000 € para desenvolvementos urbanísticos.

Para finalizar, quere destacar que este Orzamento para o ano 2022 non contemplan incrementos de prezos públicos ou taxas, polo que, un ano máis, permanecen conxeladas e favorecendo a baixa presión e carga fiscal do Concello da Estrada, en aras de dar cobertura a todas as necesidades dos estradenses.

Toma a palabra o voceiro do grupo do Partido Socialista, **D. Luis López Bueno**, manifestando que considera que este Orzamento tan só busca un titular para a prensa ao dicir que son os máis altos da historia, cando ven apoiado en 5.000.000 € de nova débeda para o noso concello e para todos os estradenses; o resto dos gastos quedan practicamente como estaban, medrando pola aplicación da RPT, pero ningún incremento substancial máis que faga pensar nunha mellora dos servizos municipais, aínda que é verdade que o SAF sofre un aumento grazas ás transferencias da Xunta de Galicia (previa solicitude a demanda do grupo socialista).

En canto ao trámite deste expediente, lembra que o Concelleiro de Facenda fixara como prazo para a aprobación do Orzamento 2022 o 31 de decembro de 2021, ante o seu incumprimento marcouse un novo prazo para finais do pasado mes de xaneiro, e aquí estamos un 3 de febreiro de 2022 para aprobar este documento, fóra de prazo. Ao anterior, hai que engadir que aos grupos da oposición se lle deron 3 días para revisar un Orzamento de 19.000.000 de euros e deseñar as súas propostas, cousa que tiña que darlles vergoña ao grupo de goberno. Di que este grupo de goberno da unha imaxe de esgotamento e, ante iso, entende que non teñan gañas de debater as propostas da oposición, porque son sabedores de que estas son útiles, realistas e asumibles, por iso mesmo non lle dan nin tempo para elo. Polo tanto, estamos ante un expediente pechado ao que non se pode aportar nada, de feito se comprobará cando se proceda á súa votación.

En relación ao Capítulo de Gastos, o seu grupo está de acordo con facer un Orzamento expansivo, porque as administracións locais están sometidas a unhas regras fiscais (suspendidas polo goberno do Estado). Sen embargo, non entende porque neste Capítulo recollen un aumento nas dedicacións do persoal eventual, así como o maior incremento do gasto veña pola vía das



inversións e acudindo á débeda, polo que cre que A Estrada xamais tivo unha débeda viva tan grande como a que hai dende que o PP está no goberno, non querendo pensar como a van a deixar despois deste ano e coa execución dos catro millóns e medio de euros que se orzamentan, así que adiviña unha nova débeda para exercicios posteriores. Así mesmo, di que, en materia de ingresos, o grupo de goberno tamén se apoia na recadación de tributos en medio millón de euros, na participación de ingresos do Estado e en diversas transferencias doutras administracións; e, mentres se apoian neste aumento por recadación de tributos, o grupo de goberno fai caer os investimentos reais con recursos propios, algo que non lle parece de recibo, porque a presión fiscal aumenta os investimentos con recursos propios serían de 150.000 € (quitando a demolición para as pistas de atletismo), menos que no ano anterior, e incrementando o esforzo da nosa veciñanza. Polo dito, non entende esta decisión, xa que non se inviste en cubrir necesidades dos nosos e nosas veciñas. No orzamento se recollen 800.000 € para asfaltados no rural, algo que non é suficiente, obviando outras necesidades nas nosas parroquias (traídas de auga municipais, saneamentos, etc), polo tanto non existe correspondencia entre o esforzo dos estradenses e o esforzo en investimentos.

Polo dito, afirma que o grupo de goberno o que busca é un titular na prensa, porque, en condicións normais, non incluírían estes tipos de investimentos neste Orzamento e farían como anteriormente, deixalos fóra do orzamento e incluílos despois mediante operacións de crédito para asumir a débeda e referirse a esas operacións como extraorzamentarias, ao igual que acontece co Plan Concellos, pero queda mellor dicir que contamos con dezanove millóns de euros de Orzamento. En canto á operación de préstamo (máis ben crédito) á que fixo mención o Concelleiro de Facenda, o prevén porque quizais este sexa o último Orzamento que asuma esta corporación. Continúa dicindo, que tendo en conta a capacidade de traballo dos concelleiros e concelleiras do Partido Popular, aconsella que se poñan a traballar no Orzamento do ano 2023, se é que o van a facer.

Sobre a débeda histórica, di que hai partidas destinadas ao financiamento de “nada”, de hipotéticas axudas europeas, considerando que non ten obxecto incluír neste Orzamento este tipo de partidas, senón que deberíase incluír despois cando estiveran convocadas esas hipotéticas axudas europeas. Ademais, nas inversión non se teñen en conta necesidades básicas para as parroquias nin demandas estratéxicas para á Estrada, por exemplo á demanda de acceso a internet e, a este respecto, quere facer a proposta para que dentro do Orzamento 2022 sexa contemplada unha partida de 250.000 € para estender fibra propia da Estrada Dixital nas nosas parroquias, algo que se pode facer con recursos propios ou con cargo a esas hipotéticas axudas europeas, Xunta de Galicia e do Estado; para a anterior proposta, di que se podería, neste momento, estudar que partidas se poderían reducir para acadar eses douscentos cincuenta mil euros, quedando da man do grupo de goberno esta proposta.

En relación á área de Servizos Sociais, di que é certo que hai un aumento, pero este vai a ser absorbido en poucos días pola lista de agarda para optar ao SAF; en canto aos demais servizos, considera que non se van a mellorar porque as cifras de execución son moi semellantes ás de anos anteriores, é dicir, se contemplan e despois non se executan, o que define o nivel de traballo do grupo de goberno.

Facendo mención ao apoio aos sectores comerciais, di que é exactamente igual que o contemplado no Orzamento 2021; así mesmo, non se contemplan investimentos para o Polígono Industrial de Toedo e que repercute directamente no crecemento demográfico, esperando a axuda da Xunta, a cal si inverte no Polígono Lalín 2000. Tampouco observa que se contemplan partidas para políticas demográficas activas.



Continúa para manifestar que este Orzamento é ficticio, porque adiviña que o día de mañá comenarán a producirse movementos de crédito entre partidas e que desvirtuarán o documento que estamos a aprobar hoxe; e, aínda que estamos ante un documento dinámico, non pode ser que agora mesmo non se corresponda nada coa realidade futura, así como tan só cabe esperar a ver como remata este exercicio e que nivel de execución se acada.

En canto ao Capítulo de Ingresos, o Sr. López Bueno di que este Orzamento ven apoiado por unha operación de débeda pública que se pretender levar a cabo por 4.500.000 €, pero tamén incrementase a participación nos ingresos do Estado de 510.000 €, 500.000 € máis en tributos que pagan os veciños e veciños sen verse correspondidos e outros 500.000 € de transferencias doutras administracións. Di que o grupo de goberno fala de conxelación de tributos, pero con mente moi curta o están acortando aos últimos oito anos, lembrando que no ano 2011 este grupo de goberno o primeiro que fixo foi eliminar a bonificación do IBI e, a segunda suba impositiva, fíxoa Montoro dende Madrid no ano 2012 e pola que se fixo unha revisión catastral, do que saíu beneficiado o Capítulo de Ingresos deste Concello, rexeitando todas as propostas de beneficios fiscais que fixo o grupo socialista para paliar estas subas e, sorprendentemente, este ano esas medidas propostas son adoptadas neste Orzamento 2022 co fin de facer espazo aos gastos adquiridos.

Remata coa súa intervención trasladando que seu grupo votará en contra da aprobación deste proxecto do Orzamento para o exercicio 2022 por todo lo manifestado anteriormente e que pasa a reiterar resumidamente, entre elas a falta de tempo outorgado para revisar e estudar este expediente e facer as propostas que consideraran oportunas, aínda que non se tiveran en conta.

Toma a palabra a voceira do grupo político de MÓVETE, **Dna. Mar Blanco Casais**, quen comenza dicindo, con respecto ao último dito polo Sr. López Bueno, que o feito de ter falta de tempo para revisar este proxecto de Orzamento foi bo en aras de aforrar enerxía en redactar e estudar propostas que, ao final, non se ían a ter en conta. Considera que é grave cando o goberno non ten en conta a opinión da oposición, especialmente para a elaboración dun documento tan importante como este, sobre todo tendo en conta datos importantes derivados da situación vivida, tales como a preocupante baixada demográfica; polo dito, considera importante a necesidade de traballar conxuntamente para facer do noso concello un lugar máis atractivo e cunha maior prestación de servizos novos e atraentes.

Centrándose no asunto que se está a debater, di que nota a falla neste Orzamento de facer actuacións básicas, tales como a realización dalgunhas que axuden a dinamizar a economía estradense, outras que favorezan á mellora do benestar social mediante o avance na prestación duns servizos que sexan máis proactivos e ofrezan un servizo de axuda no fogar á totalidade de todos os graos existentes e non só aos do grao 3, a creación de novos modelos de servizos sociais que nos fagan avanzar neste senso, e, finalmente, actuacións que melloren a nosas infraestruturas. En canto á dinamización económica, poderían facerse moitas cousas, pero sabe que os recursos públicos son limitados, pero non se pode ir sempre ao fácil e copiar e pegar, senón que considera que se podería facer moito máis sen poñer moitos recursos enriba da mesa, apoiando ao noso sector económico, empezando cunha axuda maior aos emprendedores, medidas de apoio aos pequenos produtores, impulsar un plan de emprendemento agro-económico mediante el desenvolvemento local de la agricultura ecolóxica, axudar á comercialización e á exportación.

Di que tamén nota neste Orzamento a falta dun plan de recuperación e posta en valor do patrimonio material e inmaterial estradense, o cal sería a base para poder avanzar de cara a acadar un turismo alternativo ou verde; tamén nota a ausencia de medidas para a protección da flora



autóctona e da elaboración dun modelo de protección agro forestal, en aras da creación dun pilar económico importante; así mesmo, non se contemplan medidas para avanzar na promoción da descentralización enerxética e das tecnoloxías. Polo dito, considera que A Estrada ten moitas disciplinas pendentes e que poderían dar lugar a pequenas propostas que foran abrindo camiño para mellorar o noso concello.

No que respecta aos Servizos Sociais, di que A Estrada ten cada vez máis poboación envellecida e o Servizo de Axuda no Fogar non é suficiente para atender a todas esas persoas, polo que deberíase crear novos servizos que axuden e acompañen aos nosos maiores, porque tamén o Centro de Día é insuficiente por contar tan só con dez ou vinte prazas.

En relación ao tema dos servizos públicos, considera que debería haber un plan de mellora e de conservación de infraestruturas, porque o que se está a facer actualmente é insuficiente, mostra diso é que as explotacións agrarias e pequenas empresas sitas no noso rural contan con pésimos accesos viarios, algo que hai que mellorar con urxencia e así facilitar o traballo dos nosos veciños. Tamén, neste ámbito de infraestruturas, quere incluír o antigo Centro de Saúde, porque non nos podemos permitir deixar esa edificación no abandono e que, ademais, trátase dunha instalación que pódenos dar un servizo, por exemplo a instalación dun Centro de Día, ao igual que outros edificios que están na mesma situación.

Finaliza dicindo que o seu grupo votará en contra desta proposta de aprobación do proxecto do Orzamento para o 2022 por considerar que esquece cuestións importantes e por consideralo insuficiente para avanzar en cuestións claves para mellorar á Estrada e para fixar poboación.

Intervén a voceira do grupo Mixto (BNG), **Dña. Susana Camba Castro**, quen comenza trasladando a súa unión á queixa dos outros grupos da oposición en relación con que este Orzamento está fóra de prazo e pola falta de tempo (tan só 3 días) que se concederon á oposición para o estudo do expediente, cuestión que lle da mágoa por carecer de tempo para facer o seu traballo e poder presentar propostas que se tratarían noutra sesión da Comisión Informativa e posteriormente ao Pleno, de tal xeito que este documento podería ser máis consensuado, aínda que é consciente de que ao grupo de goberno este extremo lle da igual por ter maioría.

Indo ao fondo do asunto, di que este Orzamento 2022 lle parece repetitivo e insuficiente para dar resposta ás necesidades deste concello, sobre todo tendo en conta a grave crise demográfica que estamos sufrindo e que ameaza con baixar de vinte mil habitantes o que trae consigo unha redución importante dos ingresos e que redundaría na prestación de servizos. Lembra que o Sr. Blanco no seu día dixo que estamos a facer prazas bonitas para atraer xente, pero iso sería para tomar un café e non para fixar poboación; sendo os principais motivos para que as persoas vivan nun concello o traballo, a vivenda, os servizos sociais e as infraestruturas, e se analizamos isto, di que A Estrada de traballo vai escasa (11% de paro), e neste proxecto de Orzamento non se recolle ningunha medida que facilite a creación de emprego nin o emprendemento empresarial; no que respecta á vivenda, di que no noso concello hai pouca oferta ante a abundante demanda, ademais do elevado prezo de alugamento como de venda, e neste Orzamento non se contempla unha bolsa de vivenda, lembrando unha moción do seu grupo ao respecto e que foi rexeitada polo grupo de goberno; en canto aos servizos sociais, considera que en todas as administracións deberían ser un dos puntais máis importantes, porque, por desgracia, sempre haberá xente que terá necesidades e que non poderá cubrir por si mesma, sen embargo é un dos servizos máis prexudicados; no que se refire ao noso rural, di que, unha vez máis, segue sendo o gran abandonado, tan só se contemplan neste Orzamento 800.000 € para asfaltados, esquecendo a necesidade de ter un plan de mantemento, outro de saneamento, outro de traídas de auga, outro de subministro de internet



(sumándose á proposta do grupo socialista ao respecto), un servizo moi necesario no rural sobre tendo en conta a administración electrónica e telemática; tampouco se recolle ningunha solución ao transporte público entre parroquias.

Continúa dicindo que neste Orzamento non se contempla ningún plan de conservación do noso patrimonio, o que sería moi importante pola extenso patrimonio do que goza o noso concello, de feito atópase abandonado e sen sinalización adecuada, o que actúa en detrimento de atracción de turismo.

Polo sinalado, di que o Orzamento basicamente se centra en facer grandes obras urbanísticas no casco urbano, en detrimento e abandono do rural, pero non en todo o casco urbano, senón tan só na zona principal e central; considera que non se debería gastar tantos cartos nestas obras e destinar algo para humanizar outras rúas que teñen moita necesidade (exemplo, a rúa do Muíño); ante o dito, manifesta que é bo ter prazas bonitas, pero máis bonito é ter un casco urbano totalmente habitable e atractivo.

En definitiva, considera que se se tiveran en conta a opinión e propostas dos grupos da oposición estaríamos hoxe ante un proxecto de Orzamento para o exercicio 2022 onde se recollese máis cousas para facer en beneficio do noso concello, pero, pola falta de confianza e de consideración do grupo de goberno e por ser un Orzamento repetitivo e escaso, o voto do seu grupo será negativo á aprobación desta proposta.

Para contestar ás anteriores intervencións, intervén o Concelleiro delegado de Facenda, **Sr. Blanco Carracedo**, para dicir que lamenta que esta proposta veña fóra de prazo e con pouco debate, algo que non era de intención, pero non puido ser polos motivos explicados xa na Comisión Informativa de Facenda.

En canto ás alusión feitas á débeda viva, aclara que posiblemente non sexa a máis alta pero si á máis visible e non oculta, como a que se atopou este grupo de goberno cando entrou por primeira vez neste goberno, e, para elo, tívose que suprimir a bonificación do IBI.

Di que estraña que ao grupo socialista lle pareza mala idea que se faga reserva para proxectos futuros, cando despois veñen con ideas como a fibra, preguntándose de onde se sacarían os fondos propios, porque a esta corporación lle gustaría ter financiamento inmediato para acometer todas as propostas manifestadas polos grupos da oposición. Tamén manifestaba o voceiro socialista a súa preocupación pola presión fiscal no noso concello, algo que considera incerto, ademais debería tamén preocuparse ante a suba de impostos estatais e que si están a aumentar excesivamente esta presión fiscal. Considera que este Orzamento se axusta á realidade, aínda que non a todas as necesidades existentes, algo que lamenta, pero é imposible dar cobertura a todas elas porque os recursos son os que son, aínda así estamos ante un documento ambicioso no que respecta a inversións, realista no senso do gasto e que cubre as necesidades sociais básicas e máis inmediatas dos estradenses, resultado do esforzo económico que se esta a facer.

Intervén o **Sr. López Bueno** para aclarar que a súa crítica non ía só dirixida a que esta expediente viñera aquí fóra de prazo, senón que a crítica se centraba en que á oposición se lle deu tan só 3 días para revisar, estudar e elaborar as posibles propostas a este proxecto de Orzamento, lembrando que todos os concelleiros e concelleiras representan a todos veciños e veciñas da Estrada, así que se lles está a faltar o respecto á nosa veciñanza soamente para poder acadar as súas argalladas políticas.

Por outra banda, lle fai graza que fale da suba de impostos polo goberno central, o que lle leva ao 2012 con Rajoy, cando este falaba de baixalos e ao final subiu o IVE e o IRPF, entre outros.



Ademais, prega que cando se dirixa a seu grupo político o Sr. Blanco Carracedo o faga con educación e respecto, caendo, a continuación no mesmo defecto que reclama.

En canto á negativa de ter en conta ás súas propostas, el mesmo lle pode indicar en que partidas deste Orzamento se lles poden facer espazo, tales como a extensión da fibra óptica ao noso rural a través da Estrada Dixital; e, con respecto ao Centro de Saúde antigo, aconsella que non se lle minta aos nosos veciños e veciñas cando lles din que o Ministerio só pretende vender o dito inmovible, porque non é así, xa que tan só sería iniciar o trámite para solicitar este edificio á Tesourería Xeral da Seguridade Social, cabendo a posibilidade dunha sesión por un módico prezo (segundo consultas feitas por el mesmo), por tratarse de dúas administracións; incluso dito organismo estaría disposto a valorar unha cesión parcial; polo dito, tan só é necesaria a vontade do goberno municipal iniciar os trámites necesarios, garantindo que terán todo o apoio do grupo socialista.

Ante o anterior, di que o grupo de goberno non atendeu nin atende a proposta, polo que a aprobarán por maioría ao non contar co apoio dos outros grupos.

Pide a palabra o **Sr. Carracedo Blanco** para aclarar que os prazos que apertan neste momento son os de cumprimento de obrigas no futuro e que o ano 2011 foi un ano funesto, xa que a Rajoy lle aconteceu o mesmo que ao grupo de goberno deste concello, porque tivo que lidar coas débedas que deixou o goberno anterior.

Toma a palabra o **Sr. Alcalde** para aclarar algunhas cuestións, así en relación ao dito polo grupo socialista sobre que non hai incremento para mellorar os servizos públicos, di que iso non é certo, sinal de elo son os incrementos nos servizos SAF, recollida de lixo, eficiencia enerxética no alumado público, Obradoiro de Emprego, RPT, novos investimentos, etc., e que deixa constancia das melloras substancias neste documento con respecto ao Orzamento do 2021; polo que considera que o voceiro socialista fala escondendo a realidade e dubidando que lese a documentación deste expediente.

En canto ao dito sobre que se incrementa o Orzamento co crédito, e a este respecto di que ou ben se aumenta con esta operación ou ben se diminúe o gasto, sendo outra opción aumentar a recadación vía tributos.

En canto á pregunta sobre cal é o escenario de cara a ese investimento de 1.300.000 € de aportación municipal, para iso hai que seguir co ritmo que leva este grupo de goberno dende o ano 2014, o cal fixo unha boa xestión na captación de fondos europeos, de feito a día de hoxe acadouse un proxecto de oito millóns de euros para o cambio de luminarias no rural e dunha EDUSI de máis de seis millóns de euros en execución; e, por saber cales son as dificultades que supón a posta en marcha deses proxectos, decidiuse anticiparse a esa realidade e, de cara á convocatoria dos fondos europeos 2022-2027, haberá que empezar con novos proxectos e que supón a obriga de contar con fondos de recursos propios.

En canto á débeda, remítese a criticar as actuacións políticas anteriores, tanto municipal como do Estado, que gastan sen medida para que a débeda a asuma os que veñen atrás, de feito é que o está a facer o goberno central actual, que deixará unha herdanza de débeda importante.

Aclara que estamos ante un Orzamento para o exercicio 2022 realista, ao contrario da liquidación do Orzamento do 2011 negativa que lle deixou a este Concello o goberno bipartito socialista e BNG e que tivo que asumir o actual grupo de goberno.

En relación á tendencia poboacional, entende que aos grupos da oposición lle gustaría que este concello baixara dos vinte mil habitantes mentres goberna o PP, para iso utilizan datos estatísticos



sesgados do Instituto Galego de Estatística, sen embargo os datos do INE son máis realistas; pero o que está claro que este grupo de goberno seguirá loitando para que este concello non baixe de vinte mil habitantes e poñendo os medios necesarios para que iso non ocorra.

En canto ao manifestado polo grupo de MOVETE, aclara que os orzamentos municipais son para asumir competencias municipais, para o restos xa están outras administracións como a Deputación e a Xunta, así que os temas de política social son competencias autonómicas. Fala dita voceira de crear novos servizos, e iso está todo definido, habendo unha Lei de Dependencia que reconece uns dereitos e un sistema de prestación e o que queda fóra da dita Lei non se cubre, e todos aqueles servizos que están dentro da carteira desta Lei son os que se están prestando neste concello, non cabendo a posibilidade de inventar novos servizos e novas políticas sociais, ademais de ser competencia dos organismos autónomos; o mesmo ocorre coas políticas industriais, apoio aos emprendedores, etc, e ao que hai que sumar a falta de recursos propios para dar cobertura a todos estes servizos de xeito municipal, pero para iso, reitera, están os outros organismos públicos con competencia; pero, aínda así, temos un pequena liña de apoio aos emprendedores baseada no viveiro de empresas e algún tipo de pequenas subvencións ou axudas. En relación co manifestado pola voceira do grupo Mixto (BNG) sobre que as propostas da oposición non interesan, aclara que se contradí co que transmite o voceiro socialista, porque cando este grupo de goberno fai algunha xestión sempre o dito voceiro asume que é grazas a propostas do seu grupo; entón haber se se aclaran.

No referente aos datos do paro, non se alegra dos mesmos, pero estamos na porcentaxe máis baixa da historia a nivel local, é dicir, por debaixo dos mil parados, polo que non está de acordo con que non temos unha industria que tire do emprego.

Por outra banda, a creación dun parque de vivenda pública non é competencia municipal e menos dun concello igual ao noso, pero, a pesar diso e de ser unha competencia autonómica, se está a traballar neste tema mediante a realización dun rexistro de demandantes de vivenda co protocolo esixido polo Instituto da Vivenda e Solo e, cando se acade un número determinado, poderase demandar vivenda pública para o noso concello, pero sempre seguindo o establecido na regulación actual, ocorrendo o mesmo en canto á creación de solo industrial, sen esquecer que este concello non ten capacidade para deseñar, expropiar e construír un solo industrial.

No relativo ao manifestado sobre o antigo Centro de Saúde, di que este grupo de goberno non está pechado a solicitar a cesión desta edificación, tan só que neste momento non se ten constancia de que se dean as circunstancias para poder solicitar a reversión desa edificación (actuación na que esta corporación ten experiencia), e, polas noticias que se ten, o Ministerio non ten previsto unha reversión, senón a cesión mediante venda á Xunta de Galicia e, unha vez feito este trámite se poderá empezar a falar da cesión a favor deste concello; porque a cesión mediante compra directa ao Ministerio é case imposible, de feito lévase tres propostas feitas ao Ministerio en relación coa edificación do antigo INEM e non aceptou ningunha, só queren que este concello chegue ao importe fixado por tal organismo e, neste momento, é inasimilable. Ademais, o organismo titular terá que proceder antes a mellorar as condicións de dita edificación e cumprir coas obrigas do seu mantemento, quizais cando vexa que non pode facelo chegue a un acordo con este Concello; polo dito, pide que non se fagan nin digan cousas que confundan á poboación, porque estamos ante unha responsabilidade do Ministerio e non do órgano local. Remata reiterando que non está pechado á acadar a cesión do antigo Centro de Saúde, sempre que sexa beneficioso e asumible economicamente para as arcas municipais.

Finaliza mostrando a súa leducia de que a oposición empeza falar en pasado da situación das pistas no rural e recoñezan o esforzo deste Concello neste tema. Contestando á Sra. Camba Castro



sobre que este grupo de goberno centra as súas actuacións no casco urbano, ten que dicirlle que na vila invertéronse 1.500.000 € (o resto da inversión provén da EDUSI do ano 2017), mentres que no rural máis de 2.600.000 € en asfaltados no rural, o que pasa que as obras que se fan no casco urbano teñen máis visibilidade e no rural están as máquinas ciscadas por 51 parroquias. Así que esa é a realidade, outra cousa é que á oposición lle resulte rendible falar do abandono do rural, e, ao fin e ao cabo, estamos entrando nun ano preelectoral e se están empezando a quentar motores.

Pide novamente a palabra o **Sr. López Bueno** para dicir que non se lles pide que constrúan polígono industrial co orzamento municipal, senón que este Concello si ten competencia para o mantemento do P.I. de Toedo e dos servizos que nel se prestan e para estas actuacións non hai partidas no Orzamento 2022, e de non actuar para que a Xunta inverta na ampliación do Polígono existente ou creación doutro no noso concello, e así esta se centre no polígono de Lalín, entre outros.

En canto ao dito polo Sr. Alcalde de que se está a loitar contra a crise demográfica, o tacha de mentira, de feito nin sequera convocan a Comisión Especial creada a tal efecto, porque o seu grupo para nada está a desexar que baixe o número de habitantes da Estrada.

Por outra parte, di que non é o mesmo o edificio do antigo Centro de Saúde que o do INEM, porque este centro de saúde é do Ministerio e non se lle cedeu o terreo ao mesmo no seu momento, ademais o mantemento do mesmo lle correspondería á Xunta de Galicia, polo que se lle debería esixir que cumpra co mesmo.

(INCORPÓRASE Á SESIÓN O CONCELLEIRO D. JUAN M. CONSTENLA CARBÓN)

Pide a palabra a **Sra. Blanco Casais**, sobre o dito polo Sr. Alcalde en relación a que se pedían moitas cuestións que non son competencias municipais e, a este respecto, di que a Lei de Bases de Réxime Local establece cales son as competencias a asumir polos concellos de máis de 20.000 habitantes, e moitas delas non se están a realizar nin a asumir por este concello.

Intervén a **Sra. Camba Castro** para, en relación ao parque de vivenda pública, dicir que segundo os últimos datos do INE, a maior bolsa de vivenda pública en xeral vai encamiñada a sitios máis pequenos e onde existen máis vivenda valeiras para facer isto. Con respecto ao polígono industrial, na páxina web do PP en Pontevedra no ano 2019, durante a campaña electoral, o Sr. Alcalde prometeu a posta a disposición dos emprendedores máis solo industrial, deixando clara a súa disposición de apostar polo rural avanzando no saneamento e na extensión da fibra óptica, algo que se contradí co manifestado na súa intervención ao respecto e pola falta de contemplalo neste Orzamento proposto.

O **Sr. Alcalde** lle contesta que cando queira poden consultar o programa electoral do PP para ver que cosas se cumpriron e cales non. Tamén informa que o tema da rede dixital no rural é un tema que se ten previsto e se está a traballar nesa liña, pero é unha actuación que hai que facer con sentido común, porque a proposta do grupo socialista non é razoable ao ter que utilizar a liña de Telefónica, non sendo factible que a Estrada Dixital a utilice; de todos os xeitos trátase dunha actuación para a que non chegan 250.000 € como se dicía, senón moitos máis cartos, polo que se está a buscar colaboración coas compañías mediante reiteradas conversas.

Reitera, así mesmo, e de maneira resumida o dito na súa anterior intervención.



Non habendo máis intervencións, procédese á votación, adoptándose, polos votos a favor do grupo político do PP e en contra dos grupos municipais do Partido Socialista, MOVETE e Mixto (BNG), o seguinte **ACORDO**:

Vista a proposta do Concelleiro delegado de Facenda de data 25/01/2022, en relación co asunto que se trata de seguido.

Visto proxecto de orzamento do Concello de A Estrada confeccionado para o exercicio 2022, comprensivo tanto dos estados de gastos e ingresos como da documentación complementaria a que fan referencia os artigos 165 e seguintes do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais.

Vista a Memoria da Alcaldía de data 25/01/2022

Visto o informe de Intervención emitido con data 25/01/2022.

Visto o informe emitido pola Secretaria con data 25/01/2022.

Visto o pronunciamento da Mesa Local de Comercio de 27/01/2022.

Visto o pronunciamento do Consello Económico e Social de 27/01/2022.

Visto o Ditame adoptado pola Comisión Informativa de Facenda e Especial de Contas na sesión celebrada o 28/01/2022.

Visto o novo informe de Intervención, emitido con data 31/01/2022.

Visto o resto da documentación que consta no expediente, así como o debatido nesta sesión.

Adóptase, por maioría, os seguintes **ACORDOS**:

Primeiro.- Aprobar inicialmente o proxecto de orzamento para o exercicio 2022, segundo estados de gastos e ingresos e documentación anexa, e cuxo resumen por capítulos é o que de seguido se indica:

ESTADO DE INGRESOS		ESTADO DE GASTOS		
DENOMINACIÓN	IMPORTE	DENOMINACIÓN	IMPORTE	
CAPÍTULO 1	IMPOSTOS DIRECTOS	4.608.000,00	GASTOS PERSOAL	6.376.165,85
CAPÍTULO 2	IMPOSTOS INDIRECTOS	400.000,00	COMPRA BENS CTES E SV	7.296.415,93
CAPÍTULO 3	TAXAS E OUTROS ING.	2.500.326,00	GASTOS FINANCEIROS	34.682,45
CAPÍTULO 4	TRANSF. CORRENTES	7.601.157,00	TRANSF. CORRENTES	679.524,00
CAPÍTULO 5	INGRESOS PATRIMONIAIS	12.831,00		
TOTAL I. CORRENTES	15.122.314,00	TOTAL G. CORRENTES	14.386.788,23	
CAPÍTULO 6	ENAXENACIÓN INV. REAIS	18,00	INVERSIÓNS REAIS	4.701.714,09
CAPÍTULO 7	TRANSF. DE CAPITAL	108,00	TRANSF. DE CAPITAL	152.030,00
CAPÍTULO 8	ACTIVOS FINANCEIROS	15.000,00	ACTIVOS FINANCEIROS	15.000,00
CAPÍTULO 9	PASIVOS FINANCEIROS	4.500.000,00	PASIVOS FINANCEIROS	381.907,68





TOTAL I. CAPITAL	4.515.126,00	TOTAL G. CAPITAL	5.250.651,77
TOTAL INGRESOS	19.637.440,00	TOTAL GASTOS	19.637.440,00

Segundo.- Someter o conxunto de créditos consignados no orzamento de gastos destinados a investimentos financiados con préstamo (o seu detalle está no anexo de inversións) á condición de que efectivamente se poida acudir a tal financiamento, segundo os datos correspondentes á liquidación do ano 2021, en aras ao establecido na disposición adicional 14ª do R.D.L. 20/2011 de medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira para a corrección do déficit público.

Antes de pasar á parte de Actividade de Control o **Sr. Alcalde** pregunta se algún dos grupos políticos municipais ten algunha moción de urxencia para ser tratada; non habendo continúaase coa orde do día.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA DITADOS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 3 E O 14 DE XANEIRO DE 2022 (AMBOS OS DOUS INCLUÍDOS).

Dáse conta dos Decretos da Alcaldía ditados no período comprendido entre os días 3 e 14 de xaneiro de 2022 (ambos os dous días incluídos), que van dende o número 2022-0001 ao número 2022-0046 (incluídos os dous).

A Corporación en Pleno queda sabedora.

C) ROGOS E PREGUNTAS

O voceiro do grupo do Partido Socialista, **D. Luis López Bueno**, traslada as queixas dos veciños e veciñas da Avda de Santiago sobre a entrada nos aparcadoiros.....

Interrompe o **Sr. Alcalde** para comunicar que está ao tanto dese asunto.

O **Sr. López Bueno** pregunta o por que non se cumpriu co acordo ao que se chegou con tales veciños .

Contesta o **Sr. Alcalde** que este se cumpriu escrupulosamente, se lles dixo que se ían a ampliar a zonas de saída para ter máis visibilidade, e así se fixo, non nas dimensións que eles pretendían, senón coas medidas que os técnicos municipais fixaron; de todas as maneiras pódese comprobar que esas entradas de garaxe teñen unhas dimensións máis grandes que o resto desa rúa e doutras que se están



a pintar.

O **Sr. López Bueno** considera que non se cumpriu o acordado, porque segundo lle consta se lles prometeu dúas prazas completas de aparcamento.

O **Sr. Alcalde** lle responde que non é certo, senón que, con motivo da dita ampliación, se ían a recortar as zonas de aparcamento.

Continúa o **Sr. López Bueno**, en relación coas tapas de plástico sitas na Avda de Santiago, que os veciños piden que sexan substituídas por unhas máis firmes e que se repoña a normalidade nas beirarrúas, en concreto nas entradas de garaxe.

Non habendo máis intervencións polas Concelleiras e Concelleiros asistentes a esta sesión, o **Sr. Alcalde** pregunta, en cumprimento co disposto no Regulamento de Participación Cidadá, se algunha persoa entre o público asistente quere formular algunha cuestión ao Pleno; non habendo, procede a levantar a sesión sendo as vinte e tres horas e cincuenta minutos do día do seu comezo.

Esta acta redáctase conforme ao establecido no Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais; na Lei 40/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; e, concretamente, segundo o disposto no Decreto 24/2018, de 15 de febreiro, da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas de Xustiza, sobre os libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, o cal sinala no seu artigo 2, entre outros, que as actas son un resumo das intervencións, aclarando que os audios íntegros das intervencións formarán parte do expediente da sesión plenaria, emitíndose o respectivo certificado de autenticidade e integridade do arquivo das gravacións.

De todo o anterior faise cumprimento.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

